



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR Nº 15

Tempada 17-18

Destino: Clubs, Delegacións Zonais e Comités de Árbitros.

Asunto: Protocolo Actuación Seguro Deportivo

Para a temporada 2017/2018 a Federación Galega de Baloncesto ten suscrito contrato coa Cía. de Seguros ALLIANZ a través do corredor de seguros Howden para dar cobertura do seguro deportivo obrigatorio tal e como esixe o CSD e a FEB e que está recollido no R.D. 849/1993.

A partir do 1 de Xaneiro do 2018 establécese un novo sistema de funcionamento para declarar os accidentes deportivos. Todas as instrucións que indicamos son de obrigado cumprimento cada vez que se teña que utilizar, así como o protocolo de actuación que se xunta:

1º Todos os clubs teñen no seu poder os partes numerados de declaración de sinistro, que deberán cubrir o club ou persoa responsable do mesmo, coa súa correspondente firma así como selo do club (no caso de telo), que será entregado na clínica onde será atendido en primeira instancia. Posteriormente deberá enviarse unha copia deste á FGB (delegación correspondente) ben por fax ou por correo electrónico.

2º Con estas medidas, que non deixan de ser nalgúns casos molestas para directivos e persoas que teñan a necesidade de utilizar a póliza que lles ampara, só tratamos de que o importe das primas se manteña, xa que temporada tras temporada estamos a observar o incremento ás veces excesivo ao noso entender da siniestralidade.

3º A fórmula de atención a todas as personas que o necesiten será a mesma que ata agora pero cambia a xestora dos accidentes que pasa a ser directamente ALLIANZ, co que a partir deste momento deberán chamar o seguinte teléfono para comunicar o accidente deportivo:

913.255.568

5º En caso de non cumprir as instrucións indicadas a Federación Galega de Baloncesto, non se fai responsable da non autorización dos partes de atención, nin os atrasos das autorizacións para a realización de probas ás veces necesarias para a correcta atención médica das persoas que están protexidas pola póliza antes mencionada.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO



Agradecemos a súa colaboración que solicitamos co fin de mellorar a atención así como a siniestralidade que nos está a perxudicar ostensiblemente.

Santiago, 17 de Xaneiro de 2018

Asdo. Susana Fernández Fiuza
Secretaria Xeral